


Área / Unidad EDUCACION ED0000 SRL	Documento 23614I011B	
Código de verificación  6Z3N 420E 2J5O 2M2Y 0KKB	Expediente 236/2020/60	
	Fecha 03-07-2020	

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE ADMISIÓN NAS ESCOLAS INFANTÍS INTEGRADAS NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (REIM) PARA O CURSO 2020-2021

I.- OBXECTO

- As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais, en diante REIM, do Concello de A Coruña para o curso escolar 2020-2021.
- Forman parte da REIM as seguintes escolas infantís co seguinte horario:

Escola	Enderezo	Horario centro	Horario escolar
EIM Agra do Orzán	Alcalde Liaño Flores	Luns a venres de 08:00 a 16:00 h.	Luns a venres de 9:00 a 15:00 h.
EIM Arela	Avda. de Oleiros (Elviña)	Luns a venres de 08:00 a 16:00 h.	Luns a venres de 10:00 a 16:00 h.
EIM A Caracola	Rúa Illas Cíes (Novo Mesoiro)	Luns a venres de 08:00 a 16:00 h.	Luns a venres de 09:00 a 15:00 h.
EIM Carricanta	Rúa José María Hernánsaez (Castrillón)	Luns a venres de 07:45 a 17:00 h.	Luns a venres de 09:00 a 15:00 h.
EIM Os Cativos	Lugar Río de Quintás (Palavea)	Luns a venres de 07:30 a 17:00 o 18:00 h.	Luns a venres de 09:00 a 15:00 h.
EIM Luis Seoane	Rúa Vixía (Monte Alto)	Luns a venres de Lunes a viernes de 07:30 a 16:00 o 17:00 h.	Luns a venres de 09:00 a 15:00 h.
EIM Monte Alto	Rúa Forcarey (Monte Alto)	Luns a venres de 08:00 a 16:00 o 17:00 h.	Luns a venres de 09:00 h. a 15:00 h.
EIM Os Rosales	Rúa Alfonso Rodríguez Castelao	Luns a venres de Lunes a viernes de 7:30 a 16:00 o 17:00h.	Luns a venres de 9:00 a 15:00h.
EIM Carmen Cervigón	Ronda de Outeiro (Padre Rubinos)	Lunes a viernes de 07:30 h. a 17:00 h.	Luns a venres de 09:00 h. a 15:00 h.

II- PROCESO DE ADMISIÓN

1. O proceso de admisión establécese en función de 2 tipoloxías distintas con distintos prazos cada unha delas:
 - A) Reserva de praza
 - B) Novos ingresos:
 - a. Carácter preferente
 - b. Carácter ordinario

A) Reserva de praza

2. Os/as menores escolarizados na REIM terán dereito a renovación da praza na súa escola nas datas que se indiquen, sempre e cando estean ao día no pagamento das tarifas mensuais.
3. Poderase solicitar praza noutra escola da REIM sempre que se cumpra o requisito anterior e se teña un/unha irmán/a na escola solicitada e, en caso de ser un/unha menor con NEAE, non haxa outro na unidade na que se solicite ingresar.
4. As familias que se atopen nesta situación, presentarán na secretaría da escola a seguinte documentación:
 - a. Modelo de ficha de reserva de praza facilitada na escola
 - b. Certificado de empadramento
 - c. Libro de vacinas actualizado
 - d. Calquera outra documentación ca escola considere necesaria para a prestación do servizo.

Unha vez finalizado o prazo de reserva de praza, publicarase un listado de prazas vacantes en cada una das escolas e na páxina web do concello (<https://www.coruna.gal/educación/es>) e abrirase o prazo para solicitar praza de novo ingreso (preferente e ordinario).

B) Novos ingresos

5. Carácter preferente.

Terán carácter preferente, sen que sexan obxecto da baremación sinalada no apartado IV, as solicitudes de prazas correspondentes a nenos empadronados no concello de A Coruña cuxas circunstancias sexan as seguintes:

- As solicitudes correspondentes aos fillos/as do persoal que presta servizos na escola, de conformidade co sinalado no convenio laboral de aplicación. O convenio actual recolle este dereito como mellora social. A empresa xestora deberá asumir, polo tanto, o custe destas prazas de conformidade co artigo 72 do dito convenio (BOP núm. 178 de data 26.07.2019). O importe será descontado a empresa nos abonos mensuais.
- As solicitudes de nenos e nenas que contén cun irmán/a escolarizado nunha escola da REIM a efectos de matricularse na mesma por primeira vez.
- As consideradas de urxencia social. Enténdese por prazas de urxencia social aquelas que se atopan nas seguintes situación:
 1. Menores tutelados ou en situación de garda por parte da administración autonómica.
 2. Fillos e fillas de persoas que se atopen en casa de acollida ou vítimas de violencia de xénero.

3. Menores que se atopan en circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran dunha intervención inmediata.

6. Documentación:

Todas estas situacións enumeradas deberán acreditarse documentalmente para xustificar a súa preferencia.

- Fillos do persoal que presta servizos na escola:
 - certificación da empresa que xestiona a escola infantil onde se sinala que o solicitante é persoal da empresa e que ésta asume o custo da praza.
- Nenos e nenas que se matriculen por primeira vez e contan cun irmán/á na mesma:
 - Certificado da escola e libro de familia ou documento que o substitúa que acredite esta situación.
- Urgencia social:
 - Informe por parte dos Servizos Sociais.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, deberá acreditarse a concurrencia de dichas circunstancias.

7. Carácter ordinario

As solicitudes de novo ingreso que non teñan carácter preferente, serán obxecto de baremación de cara a asignación de prazas.

III.- REQUISITOS DE ACCESO PARA O PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO INGRESO

1. Poderán solicitar prazas nas escolas da REIM os proxenitores/as ou tiores/as legais dos menores que teñan ou vaian ter, como mínimo, cumpridos os 3 meses de idade o día 1 de setembro e non teñan cumpridos os 3 anos ao 31 de decembro de ese curso escolar.
2. Poderase solicitar praza nun máximo de dúas escolas por orde de prioridade.
3. Para a solicitude de novo ingreso, será necesario que os proxenitores ou tiores estean empadronados no municipio de A Coruña con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano en que se solicita a praza.
4. Nos casos en que os pais ou tiores do menor residan en distintos municipios, requirese que polo menos o que convive co menor esté empadronado no municipio de A Coruña, residindo de forma efectiva neste término municipal con anterioridade a data de referencia anterior.
5. Poderase flexibilizar o requisito da idade para aqueles/as menores con NEAE susceptibles de integración. Para iso, presentárase un informe do equipo de orientación específico ou outra entidade pública especializada no que se certifique oficialmente a discapacidade. A dirección da escola solicitada informará sobre si dispón ou non dos recursos estruturais, materiais e humanos adecuados para a atención do/a menor.

IV.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA AS SOLICITUDES DE NOVO INGRESO DE CARÁCTER ORDINARIO

- A) **Situación socioeconómica.** Virá determinada pola renda anual da unidade familiar.

1. Entenderase por unidade familiar aos efectos destas bases as formadas polos conxuxes non separados legalmente así como as persoas unidas por análoga relación de afectividade, ou a formada por unha soa persoa proxenitora máis:
 - a. As fillas/os menores de idade, agás que vivan de xeito independente.
 - b. As fillas/os maiores de idade que residan no domicilio e dependan economicamente dos proxenitores e se atopen nalgún destes supostos:
 - i. Incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - ii. Cursando estudos, mesmo no caso de que residan noutra localidade alo longo do curso.
 - iii. Que teñan recoñecido un grado de discapacidade superior ao 33%.
 - c. As/os menores en situación de acollemento familiar.
2. No caso de proxenitores separados ou divorciados enténdese por unidade familiar a formada polo/a proxenitor/a que teña a garda e custodia, e se os houber, os irmans que se acollan ao apartado anterior e que convivan no domicilio familiar e así conste no padrón de habitantes.
3. A renda familiar calcularase tomando o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas de cada un dos seus membros do exercicio fiscal correspondente ao ano 2018, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para as persoas non obrigadas a presentar declaración, terase en conta os datos económicos que figuren na Axencia Tributaria.
4. Non se terán en conta os datos das familias sobre as que Facenda non certifique o peche do ano fiscal correspondente ou non estean dados de alta na AEAT, obtendo neste apartado 0 puntos.
5. No caso de non autorizar a consulta dos datos tributarios ou non aportar esta documentación xunto ca solicitude, obterase 0 puntos neste apartado.
6. A baremación para o acceso as escolas realizarase de conformidade a criterios económicos, sociofamiliares e sociolaborais.

A) **Situación económica.** A puntuación asignarase tomando como referencia a renda do ano que corresponda en base aos seguintes tramos:

Tramos IPREM	Puntuación
Rendas inferiores a 12.000 €	7 puntos
Rendas comprendidas entre 12.001 e 17.500 €	6 puntos
Rendas comprendidas entre 17.501 e 23.000 €	5 puntos
Rendas comprendidas entre 23.001 e 28.500 €	4 puntos
Rendas comprendidas entre 28.501 e 34.000 €	3 puntos
Rendas comprendidas entre 34.001 e 39.500 €	2 puntos
Rendas comprendidas entre	1 punto

39.501 e 45.000 €	
Rendas superiores a 45.000 €	0 puntos

B) Situación sociofamiliar. Puntuarase do seguinte xeito:

Situación sociofamiliar	Puntuación
Menor solicitante cunha diversidade funcional igual ou superior ao 33%	3
Condición de familia monoparental*	2
Condición de familia numerosa**	2
Por cada proxenitor que forme parte da unidade familiar cunha diversidade funcional superior ao 33%	1 (máximo 2)

* Enténdese por familia monoparental, a unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os fillos ou fillas menores ao seu cargo sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

**Enténdese por familia numerosa a integrada polos membros sinalados de conformidade cos artigos 2 e 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

C) Situación sociolaboral. Puntuarase do seguinte xeito:

Situación sociolaboral	Puntuación
Ocupación laboral de ambos os dous proxenitores ou con impedimento acreditado para atender a/o neno/a	6
Ocupación laboral de 1 dos proxenitores con impedimento acreditado polo outro para atender a/o nena/o.	3
Condición de familia monoparental traballando ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	6

En caso de empate entre varias solicitudes resolverase o desempate priorizando aqueles solicitantes que contén con menores ingresos de renda.

V.- PROCEDIMIENTO COMÚN PARA A ADMISIÓN E ASIGNACIÓN DE PRAZAS DE NOVO INGRESO.

1. LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

Poderán solicitar praza aquelas persoas que reúnan os requisitos sinalados anteriormente. Só poderase solicitar praza nun máximo de dúas escolas debendo indicar a prioridade entre elas.

A adxudicación dunha praza na escola indicada con carácter prioritario dará lugar a eliminación das listaxes da segunda opción solicitada.

As solicitudes deberán presentarse en liña na web municipal www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica “solicitud de praza na escola infantil 2020-2021.”. Unha vez feita a cuberta a ficha, o sistema elabora un documento PDF que conterá unha copia da solicitude e que achegará ao correo electrónico facilitado no momento de ter feito a solicitude. Este documento deberase imprimir, asinar e presentar no rexistro xeral xunto co resto da documentación no prazo de presentación das solicitudes. Non se considerará efectuada a solicitude en tanto non se presente no rexistro municipal.

A **documentación** a presentar no rexistro municipal será a seguinte:

A. **Acceso con carácter preferente:** Xunto co xustificante de confirmación da inscrición en liña asinado deberá acompañar a documentación acreditativa do cumprimento de algún dos requisitos sinalados para ter dereito a ingreso preferente, tal e como se recolle no punto II.6.

B. **Acceso con carácter ordinario:** Deberá acompañar:

- Xustificante de confirmación da inscrición en liña asinado.
- DNI de ambos os dous proxenitores.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza ou documentación acreditativa de conforme o menor está a cargo da persoa solicitante ou ben goza de custodia compartida.
- Libro de familia o documento que o substitúa legalmente.
- No caso de familias monoparentais, certificado ou informe de familia monoparental expedido pola **Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica**.
- Certificado expedido polo órgano competente, se é o caso, do grao de minusvalía do menor ou de calquera dos proxenitores que formen parte da unidade familiar.
- No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, deberá acreditarse a concurrencia de dichas circunstancias.
- Documentación xustificativa da situación laboral dos proxenitores ou titores mediante informe de vida laboral ou, no seu caso, xustificación de abono do último recibo de autónomos.
- De ser o caso, xustificación acreditativa do impedimento dos proxenitores para atender ao neno ou nena.
- De ser o caso, título acreditativo da condición de familia numerosa expedido pola Consellería competente da administración autonómica.

2. REVISIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE ALEGACIÓNS

Finalizado o prazo de solicitudes a Comisión de Escolarización, constituída de conformidade co sinalado no Regulamento de organización e funcionamento das Escolas da REIM, valorará as



solicitudes de novo ingreso e propoñerá as listas provisionais de admitidos e excluídos, que se publicarán na páxina web referenciada nestas bases, danto un prazo para subsanar documentación ou presentar alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións presentadas ou finalizado o prazo para a presentación das mesmas, a Comisión de Escolarización elevará ao órgano competente a lista definitiva do alumnado admitido con praza adxudicada, a listaxe de agarda e a listaxe de excluídos para a súa aprobación.

As listaxes aprobadas serán publicadas na páxina web do concello e en cada unha das Escolas da REIM a efectos de proceder a xestionar as matrículas no prazo que se estableza.

VI.- XESTIÓN DAS MATRICULAS DOS ALUMNOS ADMITIDOS

A matrícula será xestionada por cada unha das Escolas da REIM, debendo dirixirse o solicitante admitido a Escola asignada e presentar a seguinte documentación:

- Carta sanitaria do neno/a.
- Carta de vacinas do neno/a.
- De ser o caso, informe médico sobre alerxías ou intolerancias.
- Calquera outra documentación que a escola requira en función das circunstancias particulares de cada caso.

Rematado o período de matrícula sen que se formalizase a mesma, decaerá o dereito a praza e ofertarase ao seguinte solicitante en lista e agarda por rigurosa orde de puntuación.

VII.- PRAZAS VACANTES

Unha vez completado este proceso e sempre que existan prazas vacantes, abrirase un novo prazo de solicitude someténdose, neste caso, aos mesmos criterios de baremación sinalados nestas bases.

VIII.- CUSTE DE PRAZA ESCOLAR E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

A Xunta de Goberno Local aprobará as tarifas que polos servizos complementarios deberán abonar os usuarios.

As persoas residentes na Coruña terán dereito á gratuidade da praza escolar, que da dereito a 6 horas de atención educativa e ao servizo de orientación dos/as menores, sempre que teña entrado en vigor o novo Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís.

As persoas non residentes no concello que renovasen praza nunha escola infantil deberán abonar o 100% do custo da praza, debendo facer o pagamento directamente á entidade que xestione a escola infantil.

No caso dos servizos complementarios (almorzo, comedor, merenda, horario ampliado, etc.) todas as persoas usuarias deberán abonar íntegramente as tarifas fixadas pola Xunta de Goberno Local, que serán as mesmas para toda a rede, debendo facer o pagamento directamente á entidade que xestione a escola infantil.

IX.- RÉXIME DE RECURSOS

As presentes base e cuantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.